

## **A Cámara organiza unha xornada sobre o aforro enerxético na empresa**

**Ferrol. 05/05/10.** A Cámara de Comercio de Ferrol, en colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia, organiza para o vindeiro martes, 11 de maio, unha xornada sobre aforro e eficiencia enerxética na empresa.

O obxectivo é que as firmas participantes poidan identificar e avaliar as oportunidades de aforro de enerxía existentes nos seus procesos de negocio para, grazas á redución de custos, mellorar a súa competitividade, á vez que se diminúen os impactos ambientais destas actividades empresariais.

Para iso, informarase dos instrumentos que permiten analizar os fluxos enerxéticos das empresas, como é o caso da denominada auditoría enerxética (metodoloxía, equipos de medida, beneficios alcanzables) e comentaranse casos prácticos de compañías que, coa utilización desta ferramenta, lograron reducir o consumo.

Tamén se explicará que medidas específicas de aforro de enerxía pódense pór en práctica nos diferentes sectores: recuperación de calor, substitución de combustibles, control e xestión dos sistemas de iluminación, aforro no transporte, mantemento preventivo de instalacións, implantación de programas de eficiencia enerxética, etc.

Outro dos puntos de interese que se abordará será a descrición do marco regulador da certificación enerxética de edificacións, de obrigado cumprimento para as novas construcións.

No último bloque temático desta sesión, describiranse as axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética e para os sistemas baseados nas enerxías renovables.

